

Asembleas permanentes en Barreras

O anuncio de que os estaleiros viñeses Barreras presentarán proximamente concurso de acreedores xa tivo a primeira reacción. O comité de empresa, no que CCOO ten catro representantes, aprobou realizar asembleas «permanentes e diárias».

Segundo a Federación de Industria de CCOO, a intención é que «a partir de agora se vaian sumando colectivos, traballadores e outras organizacións sindicais» para «demostrar que estamos unidos nunha problemática que é común a todo o sector».

Precisamente, desde Comisións indican que o que está en xogo non é só o futuro de Barreras, empresa con case 140 traballadores, senón que son tamén os case 2.000 postos de traballo que dela dependen na industria auxiliar, e por extensión todo o sector naval.

O comité xa ten a documentación

A dirección do estaleiro xa lle remitiu ao comité de empresa a información necesaria para avaliar a situación económica, e nos próximos días manterán



A falta de contratos é unha das lacras para o sector naval. Na foto, concentración hai unhas semanas do persoal de Navantia dos estaleiros da ría de Ferrol reclamando máis carga de traballo

unha reunión para analizaren en profundidade o escenario inmediato.

A Federación de Industria de CCOO explica que Barreras, con independencia da súa problemática particular, sofre tamén dun mal que afecta a todo o sector naval galego e español, e que ten a súa orixe na suspensión da *tax lease*, un mecanismo implantado en España que permitía abaratar ata nun 30% o prezo final dun buque. Este instrumento foi denunciado por varios países perante as autoridades comunitarias que velan pola competencia, o que

obrigou o Goberno español a suspenderlo provisionalmente. A incerteza xerrada por esta medida provocou a paralización de numerosos contratos, abocando o sector a unha situación complicada.

A Federación estatal de Industria de CCOO está a manter contactos co Ministerio do ramo para procurar unha solución. Mientras que as autoridades comunitarias non se pronuncien sobre a legalidade da *tax lease*, o sindicato reclama habilitar un mecanismo ponte que dea seguridade e saque o sector da parálise.

FOLGA E MOBILIZACIÓNNS NO TELEMÁRKETING

CCOO e UGT convocaron unha folga de 24 horas para o día 1 de xullo no sector do telemárketing. Tamén houbo unha concentración perante o Obelisco, no Cantón Grande da Coruña, á que estivo chamado todo o persoal do sector en Galicia. As traballadoras e os traballadores protes-

taron deste xeito polas condicións laborais e pola situación de bloqueo en que se atopa a negociación co quinto convenio colectivo.

CCOO denuncia que a patronal do sector está seguido a desviar carga de traballo a América do Sur e á Europa do Leste, fundamentalmente Chile, Colombia e Romanía. O persoal «non está disposto a que continúe esta sangría de traballo», afirma o sin-

dicato, que critica as actuais condicións laborais «de mínimos, cuns dos maiores índices de precariedade do mercado e con ausencia total de formación e profesionalización».

Outro dos males que afectan ás condicións de traballo neste ramo de actividade son os chamados 'ERE express' e as reiteradas negativas da patronal a «realizar polo menos unha mínima suba salarial», a do IPC.